

NESTE Nº

O pai Miño  
Entrevistas  
Os piratas  
Os cruzeiros



Debuxo de Marta Alén

# EDITORIAL

A o longo deste curso invadíronnos os piratas... pacíficos, eso sí. Aproveitamos para intercambiar coñecementos. Nós ensinámolles o inglés, cancións, poemas... e eles traían o barco cheo de tesouros: libros, disfraces, historias... Nesta revista amosámosvos unha escolma dos nosos traballos.



## Galegando

Galegando na casa  
 Cos pais e coa familia.  
 Galegando  
 Galegando na rua  
 Coa xente e cos veciños  
 Galegando  
 Galegando no colz  
 Cos colzgas e amigos  
 Galegando  
 Galegando no parque  
 Escoltando aos paxariños  
 Galegando  
 Nos xogos...!!galegando!!!  
 Galegando si!!!  
 Nos libros...!!galegando!!!  
 Galegando si!!!  
 Na radio...galegando!!!  
 Galegando si!!!  
 Nos xornáis...galegando!!!  
 Galegando si!!!  
 No mpreado...galegando!!!  
 Galegando si!!!  
 No cine...galegando!!!  
 Na tle...galegando!!!  
 No traballo...Galegando!!!  
 Galegando si!

## Sumario

	<b>2</b>	<b>Editorial</b>
	<b>3</b>	<b>Palabras Solidarias</b>
<b>4 - 8</b>		<b>Os máis pequenos</b>
<b>9 - 15, 49</b>		<b>Días distintos</b>
<b>16 - 19</b>		<b>Monográficos</b>
<b>20 - 24</b>		<b>Letras Galegas</b>
<b>25 - 27</b>		<b>Entrevistas</b>
<b>28 - 41</b>		<b>Oradoiro das letras</b>
<b>42 - 47</b>		<b>Medio Ambiente</b>
	<b>48</b>	<b>Música</b>
<b>50 - 53</b>		<b>Deportes</b>
<b>54 - 59</b>		<b>Humor e xogos</b>

**No ensino...galegando!!! Galegando si!!!**

**Na vida...Galegando!! Galegando si!!!**

# + que palabras

**A** axuda, afecto **B** bicos, bondade

**C** convivencia cariño **D** dar, decencia



**E** esforzo,  
encanto



**F** familia, felicidade **G** grupo, grazas

**H** harmonía, humildade **I** igualdade, ilusión

**L** ledicia, liberdade

**M** man, mimo

**N** natureza

**Ñ** empeño, cariño

**O** obsequio, optimismo



**P** perdón, paz **Q** quererse **R** respecto, risa

**S** simpatía, solidariedade

**T** tolerancia,  
tenacidade

**U** urbanidade  
unión

**V** vida, valor




**X** xenerosidade

**Z** amizade

# O NÓSO ABECEDARIO




Agueda



BRAYAN



JOEL



Lucia




JESICA




RAFA




LORENA



IONUT



YAGO



Educación infantil



# A QUE SABE A LUA?

Os nenos e nenas de 3 e 4 anos fixemos unha actividade sobre este conto.

¿A que ti tamén o coñeces?

Estes animais queren alcanzar a lúa. Axúdanos a poñerlle a cada un o seu nome e a colorealos.

# TALLER DE FROITOS



¡Que rico está este marmelo!

Fixemos macedonia con pera, maça, fresas e mandarina.

As ricas masas con forza as estruxamos e o mosto probamos.




ALEX, LORENA, RITA P,  
RAFA, YAGO  
IONUT, JERICA  
ANXO, ADRI

Educación Infantil

# AS ABELLAS:

Lucía, Fermín, Cristián,  
Estela, Diego, Brayan, María, Joni, Joel, Águeda



As abelliñas de  
San Miguel  
todas van cargadiñas  
de mel.  
A lo duro y a lo  
maduro que se  
ponga Chispita  
de culo.

# Toma Castaña!



A profe Lorena contaxiounos a todos coa súa alegría.



Un paisaxe fermoso, un día estupendo e a mellor compañía.

Fomos camiñando dende o colexio ata Gradeira, o primeiro que fixemos foi coller leña, despois tirar as buxainas. Comemos chourizo, costela e de postre castañas asadas e biscoito. Bebemos refrescos.

Xogamos polo monte enteiro: aos sacos, a bomba, as agachadas. Xa non tiremos tempo de xogar máis e marchamos para o colexio coas caras todas pintadas e cheas de borra lla. Carola, Andrés, Miguel, Jessica, Martín e Borja.

Coa música de “A Carolina” escribimos a letra da nosa canción do Magosto

As castañas da María sonche castañas moi finas  
Cando as queres comere saltanche de alegría  
Sra. María, Sr. D. Manuel, castañas asadas,  
Pucheiros de mel (bis 2 veces)  
Sr. María, Sr. D. Manuel.

Se queres comer castañas tes que traer a buxaina, tirar a buxaina, facela bailar, con moitas gañas, Poñela na man, poñela na man, poñela na man, Con moitas gañas, facela bailar.  
(5º e 6º)

# FESTIVAL DE NADAL

CRÓNICA LUCAS



- 1.- O espantallo Amigo  
Interpretar o papel de merlo gustoume moito, pero pasei unha vergoña grandísima. Tamén descubrín que un espantallo é para escorrentar pasaros e ás veces para facerse amigo deles.
- 2.- Campaíña do Lugar  
Estes rapaces/zas cantaron moi ben. Teñen moito talento. Soaban as frutas e as voces o conxunto era melódico e con moito ritmo.
- 3.- A Tarantella. É un baile italiano lindísimo, bailaron moi acompañados.

4.- O Nacemento de Xesús. Os mais pequenos tamén demostraron moito talento. Non tiveron vergoña e sabían o seu papel de requetilla.



- 5.- As sete cabuxiñas espelidas e o lobo. Arre demo, as cabuxiñas teñen moi mala sorte, iso de que anda un lobo espiando non é nada bo, pero o cariño dos fillos sempre pode mais que os engaños do lobo. Aínda que teño que recoñecer que teñen que esforzarse co vocabulario
- 6.- O Exterminador de insectos..  
Mira que estes nenos

soñan moito! Que é iso de ter un mago que transforma aos insectos en nenos? Soa a teatro.

7.- Canción Multilingüista. A nós enténdesenos en inglés, galego ou español. Ás veces trabucámonos, pero temos bos mestres para ensinarnos, iso vese.

8.- Rock and roll Nótase que nos gusta bailar, os pasos eran enrevesados e eramos un mogollón no escenario, menos mal que non houbo caídas que se chegan a caer temos unha desgracia.



## OPINIÓNS

- *A min gustoume a obra das Cabuxiñas, Martín fixo moi ben o papel de lobo feroz. Gabriel. (6º)*
- *Actuamos, bailamos, rimos e o mais importante, divertímonos moito, este festival foi unha pasada. David (6º)*
- *Os profes estaban cheos de alegría porque nos esforzamos moito. Carolina. (4º)*

# A vida Pirata

Entroido 2007. Marta Araújo 6º



E. Infantil – Fondo do mar

Primeiro Ciclo – Piratas e prisioneiras

Como este ano temos o libro de Stevenson “A illa do tesouro”, decidimos disfrazarnos de piratas. Os de infantil eran o fondo do mar e as renas de 1º e 2º eran as damas prisioneiras.

Pasámolo moi ben. Cantamos cancións relacionadas co tema: “Peixiño pequeno”, “A vida pirata é a vida mellor”, “What shall we do with the drunken sailor” e a “Carción pirata” de José de Espronceda cantada por Mágo de Oz. Bailamos dúas cancións de Batuka chamadas: “Dejate amar” e “Bandolera”.

Este foi o entroido no que mellor o posei.  
Marta Araújo.



# 3 Carreira Solidaria



Todos teñen grande interese en axudar aos nenos que teñen menos.



Ao chegar, as forzas escaseaban, nada mellor que sentarse á sombra a recuperar folgos. Cando imos comer o chocolate?

Participamos na 3ª Carreira Solidaria. Cada neno burrou un patrocinador que lle pagou por km recorrido. Tratábase de recaudar castos para os nenos de África, para que poidan vivir mellor.  
A zaida foi moi dura porque esa costa arriba. Noel e Aitor adiantáronnos a todos Raul tamén corria moito.



Reunimos 186,16€ e enviámo-los a Fundación Save the Children (Amdoa.4º)

# CHISTES DE PIRATAS




Un dia en alta mar un Tripulante di:  
 -¡Capitán! Achéganse 20 Garabelas.  
 O capitán di:  
 -¡Unha flota!  
 -¡Non "mi capitán" flotan Todas!  
 (Alex)

Un capitán preguntalle a un mariñeiro


-¿Sabe nadar?  
 -Si, señor  
 -¿Onde aprendeu?  
 O mariñeiro queda pensando...  
 -¡Na auga señor!

(MARTÍN R.S.)



¿ De que morreu a muller do Capitán Garfio?

Dunha caricia. (MIGUEL A.C.)



Un mozo mariña quixo entrar e  
 na mariña un exame:  
 fíxeronlle un exame:  
 -¿ Cantas anclas ten un barco?  
 -Esteeee , mmmm , ¡ Once!  
 -¿ Como que once?  
 - ¡ Clarol sempre  
 ¿ Non ve que din: ¡ eleven anclas!  
 MIGUEL A.C.



## 1º Ciclo

Aí ven o maio  
 Todo florido  
 E saímos ó patio  
 Cantando a recibilo.

Maio de soles e flores  
 De choivas e calores  
 Maio entre arrecendos  
 Concédenos estes favores.

A Raida e mailo Daniel  
 Fai que traballen ben  
 Á Maria de Melo  
 Quítalle un pouco de  
 xenio.

Hai algúns moi  
 despistados  
 E outros que falan como  
 loros  
 Pedímosche maio que a  
 todos  
 Lles traías modais novos.

E como non hai dúas sen  
 tres  
 Pedímosche querido maio  
 Que o profe don Manolo  
 Non poña tanto traballo.

E coa mesma pasamos  
 A dar conta de outros  
 sucesos  
 Que xa que andamos de  
 maíos  
 Non deben quedar sen  
 eco.

O profe trouxo un  
 esqueleto  
 Ó que chamamos Pepiño  
 Tamén trouxo a Agustina  
 Que talmente parece  
 encinta.

O Barsa e o Madrid  
 Son equipos moi bos  
 Pero están eliminados  
 Da liga de Campións.

# Coplas dos Maíos

Lembrámonos da profe Loli  
 Que nos aturou o curso pasado.  
 Pensou que quedaba  
 descansada.

Non sabía o que lle agardaba  
 este ano.

A nova profe de infantil  
 Está sacando o carné  
 Non viña mal que se anunciase  
 Nalgunha páxina de Internet

A profe Sali  
 Ten aquí un fillo  
 Chámase Martín  
 E é un pouco pillo.

Os partidos de fútbol  
 Son moi interesantes  
 Facemos moitas faltas  
 E goles impresionantes.

Os profesores do colexio  
 Fannos aprender  
 Eu estou moi contento  
 De coñecer o seu saber.

O profe don Manolo  
 Fainos traballar arreo  
 Quere que saíamos  
 Catedráticos en Primeiro

O profe Manolo  
 É un pouco repolo  
 Cando saímos do  
 Concello  
 Botou tódolos folgos.

Cando imos onda a  
 Teacher  
 A aprender o inglés  
 A algún non se lle  
 entende  
 Nin cando dice “yes”.


E con esta despedímonos  
 Ata o vindeiro ano  
 Aínda que había outros  
 Sempre é ben gardar  
 algún maíto.

## 2º Ciclo

Levántate Maio  
 Que tanto durmiches  
 pasou o inverno  
 e non o sentiches

Hai 4 patrullas  
 todas encargadas  
 De coidar as plantas  
 Teñen que regalas

O patio cuberto  
 está coloreado  
 de cor amarela  
 e alaranxada



O día da carreira Solidaria  
corremos 3 km  
acabamos rebentados  
sen moitos folgos.

Por culpa do mal tempo  
Tivémola que aprazar  
para o seguinte venres  
tivo que quedar

Na carreira solidaria  
Martín colleu un atallo  
Por moito que correu  
non deu chegado.

No Entroido  
fixemos un festival  
todos disfrazados  
dun só disfraz.

A MANZANEDA  
din que imos viaxar  
2 días e unha noite  
¡que ben o imos pasar!

Este ano tivemos  
moitos partidos  
quedamos de segundos  
e divertímonos.

No patio do colexo  
Había unha fonte  
Que estaba atascada  
E arreglárona onte.

Sali quere  
que fagamos os deberes  
senón castíganos  
sen recreo todo o día

A comida do comedor  
é moi rica  
gústanos moito  
é moi nutritiva.

O día do libro  
Fixemos un mercadiño  
Trouxemos moitos libros  
E prestámosllos ós amigos

### 3º Cíclo

A mestra de relixión  
moi devota é  
ponnos boas pelis  
trátanos moi ben

Este ano no colexio  
hai moitas actividades  
karate, natación  
que molan mogollón

Fixemos unha carreira  
por os nenos de Etiopía  
recadamos moitos cartos  
para a súa mellor vida

A profe Lorena marchou  
moi tristes quedamos  
pois era moi divertida  
todos choramos

O neto da teacher  
un ano debe ter  
e ela esta contenta  
de velo crecer

A ESO é moi difícil  
cóntanolo Sali  
pois é moi lista  
e todo o sabe

Marchou a profe Susana  
e veu Elena  
as dúas son boas  
sempre están de festa

Cos concertos de Borja  
rimos un montón  
pois son moi divertidos  
coas súas cancións

A profe Lorena  
do cole marchou  
veu don Manolo  
e a festa acabou

A profe Sali  
É moi boa  
aínda que se enfade  
sempre chega á hora

Ó instituto  
non queremos ir  
quedamos no colexio  
para nos divertir

O ano pasado  
chegou Andrea  
xusto nos Maios  
¡quedamos abraiados!

Rafa Nadal  
gañou a final .  
O arxentino  
quedou fatal

Queremos cambiar  
e portarnos ben  
e aínda que nos custe  
ímolo propoñer





## IMOS DE VENDIMA

O cultivo da vide e a elaboración do viño

Hai vides silvestres en Galicia dende hai 7.000 anos. O Ribeiro é unha zona onde se fai un viño moi bo, é o viño do Ribeiro.



O viño branco do Ribeiro representa máis do 80% da produción. A treixadura é a variedade raíña do Ribeiro

Os tintos elaboráanse con uvas locais a base de garnacha e mencia e as variedades de treixadura e loureira. Palomino e garnacha empréganse para elaborar viños máis novos.

## O TRABALLO DO VITICULTOR

O viño é un produto que dá moito traballo... temos que abonar as viñas; logo hai que cavar, atar, podar, enxertar e sulfatar despois vendimar e facer o viño na bodega.



Hoxe contamos coa axuda de maquinaria moderna como este tractor que ten incorporada unha máquina de sulfatar, pero antes... tiñan que cargar ó lombo coa máquina de dar o sulfato.

## A NOSA VENDIMA

Faise nos meses de setembro e outubro segundo a climatoloxía.

Para vendimar utilízanse navallas, tesoiras, coitelos...

Os nenos teñen que coller tódolos vagos que caen ao chan.

Vaise cortando racimo por racimo de cada cepa e bótanse en cestos, culeiros ou caixas





Os homes trasladan os cestos ó carro ou ó tractor e logo baleiranse dentro da arca.


A pisa podese facer nos pios ou pilas que son vasillas grandes de madeira, dentro da adegas.



O viño queda no interior das cubas, xunto co bagazo, para que ferva.

## COMO SE FAI O VIÑO

Temos que lavar as cubas e limpar a adegas.



Ter todo ben colocado é moi importante para non ter ningún percance.

As uvas que xa están na adegas e se non se queren pisar, pásanse por unha estrulladora que rebenta os bagos e logo fermenta todo nun lagar ou en cubas.


O viño branco debe fermentar aparte da canga e do bagullo para que a súa elaboración sexa máis limpa e non recargue tanto a cor.

Para isto empregamos unha prensa.

Ós vinte días de parar a fermentación, débese trasfegar e logo vaíse probando o seu padal e sabor para saber a súa calidade. Máis tarde embotéllase.



## A AUGARDENTE



A elaboración da augardente, que tamén se chama estila.



A augardente elabórase co bagazo do viño

# O PAI MIÑO

Participamos no 1º Congreso Galego do Pai Miño organizado pola ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL REVEFEVA.



Fomos ate o río Miño, en Alongos e nos deron unhas charlas in situ sobre a riqueza e a importancia do río, a súa flora e a súa fauna. Aproveitamos para realizar unha reportaxe fotográfica do río e do entorno.

Contámosvos a modo de entrevista o que alí escoitamos e aprendemos:




- Como se chama vostede?
- Rosa Quintela
- De onde é?
- De Feá
- Todas estas artes de pesca que nos está ensinando, empréganse na actualidade?
- Non, empregábanse fai tempo porque agora xa non hai tantos peixes.

- Antes no río Miño había moita pesca, verdade?
  - Si, había anguías, troitas e moitos outros peixes. Polo San Benito, as veiras do río víanse negras: eran as crías das anguías.
  - En todo o río ou so nalgunhas zonas?
  - Sobre todo en Alongos, Quenlle e Feá . Había xente que podía vivir da pesca.
  - E agora, por que non hai?
  - Por culpa dos embalses, as anguías non dan subido río arriba para poñer os ovos.
  - Que empregaban para pescar, unha cana?
  - Non, porque cunha cana só se pesca un peixe de cada vez e nós o que queriamos era coller varios xuntos para aforrar tempo.
- Empregábase os armadillo de fño, a nasa e o boitirón.



- E os peixes, ¿como picaban?
- Porque se lles poñía cebo: miñocas ou tripa de polo





**- Quen saía pescar?**

- Era un traballo compartido. O home remaba e a muller botaba a corda. Saían á tardiña a botar as cordas e as 6 da mañá ían a levantalas. Polo día as anguías non se pescan porque saen a comer de noite.

**- Como se preparaban as anguías?**

- Aínda se preparan así: Quítaselles a cabeza e a tripa. Límpaselles o limo con folla de figueira e póñense a fritir. As que son moi gordas pódense poñer guisadas.

**- Coñece algún refrán ou algún dito que teña relación co río ou a pesca?**

- “A río revolto, ganancia de pescadores” Refírese a que ao toldarse as augas, as anguías saen mais, e se o río está claro, as anguías vanse para as profundidades.


**Técnico do Servizo de Conservación da Natureza**

- *Pódesnos falar da importancia do río Miño para o noso concello?*

O río foi moi importante para todos os pobos que están nas súas beiras. A auga empregábase para beber, para regar, para lavar, para moer e como medio de vida porque dela se extraían moitos peixes.

- *Ao redor do río tamén viven moitos animais, verdade?*

Si, sobre todo aves, como os parrulos, as garzas, os paporrubios e agora tamén se ven gaivotas. Eso quere dicir que as augas están contaminadas en maior ou menor grao. Tamén hai peixes, por suposto, aínda que menos que os que había hai uns anos.



- *As árbores que viven nas beiras do río, son as mesmas que no interior?*

Non. As árbores das ribeiras están adaptados á humidade. Son moi importantes porque as súas raíces fíxanse á terra e evitan a erosión e os desbordamentos. Na beira do Miño, entre outras podemos atopar amieiros, salgueiros, freixos (de ahí ven o nome dun dos nosos pobos: Freixendo) e bidueiros

- *As augas do Miño, están moi contaminadas?*

Nalgunhas zonas. Hai persoas que tiran lixo ao río e a auga non é un basureiro. Hai que ter en conta que o Miño pasa polo medio de Ourense e, se o mantemos limpo será mellor para todos os que vivimos á súa beira.

Tamén hai que evitar alterar as ribeiras dos ríos: non se deberían talar as árbores nin construír encoros ou minicentraís innecesarias. Hai que coidar a natureza, porque se a atacamos, podémolo pagar caro, con riadas, inundacións...



# Chámome María Mariño Carou!



Este ano teño a honra de ser homenaxeada no día das Letras Galegas



Nacín en Noia en 1907





Traballei de costureira para gañar cartos e axudar aos meus pais a sacar aos meus irmáns adiante.



## VAISE COA SÚA TÍA



Funme coa miña tía que traballaba como cociñeira no pazo de Goiáns, en Boiro. Alí pasei moitas horas lendo na fermosa biblioteca do pazo.




Volvín de novo a Galicia  
Conecín outros escritores  
e animáronme a  
escribir

(porque estaba  
deprimida)



Publicáronme un  
libro



A miña vida transcorreu en Noia, Boiro, País Vasco e a Serra do Caurel.

Morrín



Despois de morrer;  
publicáronme outro libro



VERBA  
QUE  
COMEZA



# OS OUTROS OFICIOS NA ÉPOCA DE MARÍA MARIÑO

3º CICLO

## AS RIANXEIRAS

As rianxeiras son as que levan ao mercado da vila ou cidade os produtos do campo, ó estaren en sazón: As leitugas, as cebolas, os tomates e pementos, os allos, o perixel, as xudías....

Estes produtos lévannos en cestas, bandexas, queipos... O rianxo cóllese de véspera ou no mesmo día, de mañá,

## AS PEIXEIRAS



Estefanía Teixeira

Na beiramar, as peixeiras, van cos seus cestos polos camiños e polas rúas das cidades berrando a súa mercadería:

...¿ “Quen quer fresco”?...”Sardiña s vivas, xurelos...! ¡”Croques”!

## AS LAVANDEIRAS

Antes, as lavandeiras, ían á vila ou á cidade provistas dun cesto de roupa percorrendo as casas para as que lavaban e recollendo no cesto a roupa lixada; logo, co cesto na cabeza, voltaban para o seu lar e durante a semán, seguindo


## AS COSTUREIRAS

As costureiras van coser ás casas onde as chaman e os seus trebellos son : unha tesoirá para cortar o pano, agullas e dedal, alfinetes, fío e máquina de coser, que se foi introducindo pouco a pouco porque a xente quería mellor as cousas “cosidas a man”.

As costureiras adoptaban usar máquina de man, pois así podían levar consigo ás casas.

Traballaban polas casas, unhas veces “a mantidas”, comendo na casa onde traballaban e cobrando a parte o xornal e outras veces “a secas”, comendo nas súas propias casas e cobran un xornal máis elevado.

distintos procesos, van lavando esa roupa.



Estefanía Teixeira. 6º

tendéndoa ao sol nun campo e regándoa con auga durante o día; pasada a noite, recóllese para facer a **colada**. Métese a roupa nun cesto grande e pónselle por riba unha saba vella e limpa; nun poteponse a ferver auga con cinza, e cando ferveu un pouco, bótase ben quente por riba do cesto da colada; a saba fai de coador.

Feita a colada, lávase outra vez con auga limpa e xabrón, faise un novo crareo, se é preciso, e logo téndese a secar.

Unha vez seco todo o **tendal**, a lavandeira, axudada por outra muller, vai recollendo e dobrando a roupa, colándoa no cesto e logo volta á vila ou á cidade para entregala polas casas.

As lavandeiras cobran o seu traballo por cestos ou por prendas.

Primeiro **deseivan**, lavando a roupa nun río, nun tanque ou nun regueiro., con xabrón, fregándoa, baténdoa contra unha laxa e **torcéndoa**; despois pónena ó **crareo**,



Borja Martínez. 4º

# SON GALEGO OE PÉS A CABEZA

O día das letras Galegas este ano foi o de María Mariño, fixemos un festival que saíu moi feitiño.



Está enfermo o Galego? Nós usámolo, coidámolo, falámolo, escribímolo, xoga con nós e nós xogamos con él. O que pasa é que quere aloumiños:

**DESCARGATE  
O  
GALEGO**

**WWW.FALAGAILEGO.COM**

**EŪ VIVO CO GALEGO**

**RESPIRA  
GALEGO**




**EŪ FALO  
TE FALAS  
EL FALA  
EN  
GALEGO**

**A MAÑA  
OŪ O  
SOLPOR...  
EN  
GALEGO  
MELLOR**


**O  
GALEGO  
VIVE  
COMIGO**

*Estefanía, Jennifer,  
Andrea. 3º Ciclo*

# O CRUCEIRO María Mariño. “Palabras no tempo”



Cruceiro da Praza do Cruceiro en Moreiras.




Cruz a entrada de Alongos




Entre o cruceiro vou indo  
E del non me sei volver  
Somos terra de cruceiros  
Somos coroa esquecida  
Somos bágoa doutro  
peito.

María Mariño



Arriba Cruceiro de Toén (Campo da Festa) Abaixo Cruceiro de Mugares (No cruceiro)



Vese como o canteiro esculpíu no pedestal do cruceiro de Mugares, unha caveira e dúas tibias cruzadas que representan o pecado, ( outras veces aparece unha serpe). No varal aparece San Antón, seguramente a petición do donante do cruceiro.



2º Ciclo

Fotografía: Miguel Cruz,  
Marta Araújo, Carola  
Álvarez, Andrés  
Fernández

# Temos unha pregunta para vostede

## MANUEL CRUZ: CANDIDATO DO B.N.G. POLO CONCELLO DE TOÉN. (21/05/07)

### PUNTOS DO PROGRAMA:

- Instalacións deportivas
- Construción dunha galescola
- Veráns culturais con campamentos de convivencia, teatro, cine ao aire libre..
- Atención á xente maior coa creación dunha residencia de día
- Mellorar o servizo de transporte público
- Atención e protección do medio ambiente.



3º Ciclo entrevista a M. Cruz

### TURNO DE PREGUNTAS

*P: (Lucas) ¿En que actividades está disposto a colaborar co colexio?*

R: “No coidado e mantemento das instalacións: calefacción, cubrir a pista polideportiva. Organizar excursións.

*P: (Jenni) ¿Poderíanos traer as redes para as porterías de fútbol?*

R:” Sí. É o máis normal”

*P. Marta Araújo) ¿ Que medidas ten pensado levar a cabo para que os nosos montes estén máis limpos e non ardan?*

R: “Ben, unha boa pregunta. Hai varias medidas; unha delas é axudar aos propietarios, en colaboración coa Consellería de Medio Rural, para que os teñan máis limpos. Limpar os camiños. Medidas encamiñadas a vixianza dos montes creando un servizo de voluntariado.”

*P: (Marta Alén) A biblioteca do Concello, a maior parte do tempo, estivo pechada e con pouco tempo de atención ao público... ¿Vostede ampliara o horario deste servizo?*

R: “Si, está no noso programa. É unha mágoa que esté pechada. Nós pretendemos que se poida ampliar o seu servizo polos distintos pobos”:

*P:(Aitor) ¿ Que medidas vai tomar para que a xente non marche dos pobos?*

R: “ Para que as persoas do concello poidan ir traballar sen estar preocupados de onde deixar os seus fillos pequenos ou a súa xente maior, pensamos por en funcionamento unha galescola para os pequenos de 0 a 3 anos e unha residencia de día para os maiores.”

*P: (Aitor) ¿Estaría disposto por nos cruces de Toén e Moreiras- Trelle, uns letreiros indicadores do noso colexio?*

R: Si, pois non custa moito facelos

*P:(David) ¿Estaría vostede disposto a mandar limpar os arredores da área recreativa de Alongos?*

R:Teño entendido que xa está limpa. Alí, temos pensado facer unhas canchas de tenis.

*P: (Jenni) O parque de xogos que hai en Mugares está vello e todo deteriorado... ¿Estaría vostede disposto a modificalo?*

R: Sí, hai que modificar os materiais de xogos e deportes.

*P:(Andrés) ¿Qué pensa facer para evitar que o río Miño veña cheo de porquería?*

R: O río Miño xa trae moita porquería de atrás. Nós procuraremos que os saneamentos de Puga, Feá e Alongos estean en bo estado. Colaboraremos cos outros concellos, como é o de Ourense para evitar que se vertan no río augas feccais.

*P(Jenni) Nalgúns pobos non hai colectores de plástico, vidro, papel, pilas e aceite.. ¿Estaría disposto a poñelos?*

R: Sei dalgúns pobos que os teñen...noutros non hai, porque non entra o camión de recollida. Penso que están mal distribuídos.

*P. (Aitor) En Moreiras, cando chove, non temos onde xogar. ¿Estaría vostede disposto a cubrir a pista?.*

R: Claro que sí. É necesario ter un lugar cuberto.

*P: (Jenni) ¿Ten pensado algún plan para utilizar enerxías renovables nas dependencias do concello e noutros lugares?*

R: Sei que hai instalados uns medidores de vento para probar coa enerxía eólica...Sabemos que os aeroxeradores provocan contaminación visual. Probaríamos en reducir o consumo eléctrico coas placas solares.

*P (Marta Alén) Cando chegan as eleccións pónense farolas, arránxanse as paradas do autobús, tápanse os buratos das vías... ¿Fará vostede igual?*

R.: Creo que iso, éticamente, non se debe facer.

# Temos unha pregunta para vostede

**AMANCIO: CANDIDATO DO PP. POLO CONCELLO DE TOÉN. (22/05/07)**

*P: (Lucas) ¿En que actividades está disposto a colaborar co colexio?*

*R: O concello ten un orzamento e hai que repartilo. Na medida en que poidamos, colaboraremos co colexio.*

*P: (Lucas) ¿Qué ventaxas ten facer un campo de golf en Moreiras coa cantidade de auga que gasta?*

*R: Eu non lle vexo ventaxa ningunha. Soamente pode servir para dar a coñecer o pobo. Eu non o levaría no meu programa; ía no programa anterior do meu partido o cal non quere dicir que eu comulgue moito con ise tema. Iso, a maiores doutras cousas, pódese facer, porque trae progreso...*

*P (Marta Araújo) ¿Qué medidas ten pensado levar a cabo para que os nosos montes estean máis limpos e non ardan?*

*R: O meu partido foi pioneiro na loita contra o lume. Creáronse as brigadas alá polo ano 88-89. Agora imos seguir colaborando coa Consellería de Medio Rural para manter os montes limpos.*

*P: ( Marta Alén) ¿Canto cobra un alcalde en Toén?*

*R: O actual, creo que neto, uns 1.000 euros. Eu vou cobrar o que estou cobrando agora xa que teño que manter ós meus fillos...*

*P: (David) ¿ Non sería mellor unha área recreativa que un campo de golf?. Hai máis nenos/as que o necesitan...*

*R: Eu douche a razón. Eu non son o responsable da idea do campo de golf. Primeiro hai que dar os servizos básicos...Estase facendo unha piscina. Deica agora, non tiña responsabilidade política.*

*P: (Brais) ¿ Que actividades culturais ten pensado facer no concello?*

*R: Levamos un mestre na candidatura. El encargárase desas actividades. Temos pensado facer un campamento de verán e poñer internet.*

*P: (Aitor) ¿Por qué se presenta polo P.P. e non por outros partidos?*

*R: Pois mira, foi o único que mo pediu. Eu non milito en ningún partido, aínda que simpatizo coa dereita e co P.P. Agora son do P.P.*

*P: (Andrés) Hai xente, que para ir en bici, ten que ir pola estrada. ¿Non sería mellor*

*facer un carril bici ou camiños axeitados?*

*R: Claro que si. Para nós é importante recuperar camiños para ir en bici ou a pé.*

*P: (David) No caso de que fora alcalde ¿Qué cousas faría para os/as nenos/as?*

*R: Estamos escasos en parques infantís. Está o de Toén e imos facer un en Moreiras...Temos que ir pouco a pouco...Imos ter moito en conta as vosos iniciativas...*

*P: (Aitor) ¿Qué medidas vai tomar para que a xente non se marche dos pobos?*

*R: Pregunta importante. Temos que facilitar vivendas...ben novas ou recuperar as vellas. Hai que mentalizar a xente para que arranxe as casas vellas e as poña nunha bolsa de aluguer. Tamén temos pensado facer dous polígonos industriais. Facer pobos bonitos e darlle publicidade.*

*P: (Marta Alén) Á última hora poñen bonita a praza, arranxan a parada do autobús, poñen farolas... fan as cousas pequenas, pero as grandes cousas quedan sen facer...*

*R: Estás moi ben enterada. O concello é coma unha casa e ten un presuposto. Temos que ir priorizando...¿Por qué se fan agora a última hora?...Pois porque veñen as eleccións. Hai que ser sincero. De todas formas o caso é que se fagan...pero quizais algunhas cousas debían de estar feitas.*

*P: ( David ) A área de Alongos está chea de lixo...¿pencan limpala?*

*R: Sí, por suposto, é obriga do concello. Temos que mentalizarnos de que non se tiren porquerías.*

*P ( Marta Araújo) Poñería vostede carteis, nos cruces de Moreiras- Trelle e Toén, anunciando o noso colexio?*

*R: Si, por suposto. De tódolos xeitos pídolle a directora que nolo recorde.*

*P: (Marta Alén ) ¿Cales van ser as súas iniciativas no concello?*

*R: Reforma do plan urbanístico para que se poida construír. Recuperación de casas vellas...*



# Temos unha pregunta para vostede

**XULIO ÁLVAREZ: CANDIDATO DO PSG-PSOE. CONCELLO TOÉN (23/05/07)**

## PUNTOS PROGRAMA

- Un goberno para todos
- Facer de Toén un concello habitable, agradable, ben coidado
- Que haxa traballo ( 2 parques empresariais)
- Modificación do plan de urbanismo
- Servicios: garderías, centro de día, asistencia social
- Empedrado das rúas



## TURNO DE PREGUNTAS

*P: (JENNI) ¿Que fará para que o voten?*

R: Que sintades que o que estou dicindo é o que sinto, esa ilusión, esa emoción.

*P: (LUCAS) ¿Facilitará o transporte público?*

R: Toén está moi próximo a Ourense e debe ter unha boa relación cos concellos limítrofes para intercambiar servizos e actividades culturais.

## NÓS TAMEN VOTAMOS

1. Fixemos papeletas
2. Nomeamos os vocais e ao presidente da mesa por votación secreta. A máis votada foi Marta Alén e os vocais Marta Araújo e David.
3. Logo fixemos as votacións por orde de lista. Tiñamos unha furna para meter as papeletas.
4. A presidenta ía collendo os votos da furna e os vocais anotaban.

**AITOR e ROMAN**

*P( AITOR) ¿ Que medidas vai tomar para que a xente non se marche dos pobos?*

R. Vivenda digna, traballo e facer que os pobos estean bonitos e atractivos.

*P (MARTA ARAÚJO) ¿Qué medidas vai tomar para que os nosos montes estean ben coidados e non ardan?*

R. Basicamente as competencias son da consellería de medio rural. desde o concello temos que concienciar a xente que o monte supón riqueza, benestar e é un valor para o medio ambiente. Se a xente sente o monte como seu, o monte non arde...

*P:( CIPRIANO) ¿Por qué quere ser alcalde de Toén?*

R: Porque teño moita ilusión en facer cousas polos demais. É unha satisfacción persoal e por iso estou na política.

*P:( ESTEFANÍA) ¿Estará disposto a por letreiros indicadores nos cruces de Moreiras-Trelle e Toén?*

R: A min, cando vou a algún sitio. gústame saber por onde vou... A sinalización dun colexio é algo moi importante...

*P:( JENNI) ¿Que é o primeiro que fará se sae elixido?*

R: Eliminar a desgana que se ve no concello. Poñer bonito o concello.

*P: (ANDRÉS) ¿Por que é do PSOE?*


R: Eu xa levo tempo na política e aprendín do meu pai os valores de liberdade, esforzo, xustiza...




# Jack, the pirate



1) Hello. My name is Jack.  
I'm a pirate




2) I've got a parrot.  
I've got a ship



3) I get up at eight o'clock.




4) I get dressed  
My jacket is red, my  
trousers are grey, my boots  
are black, my hat is blue



I have breakfast at nine o'clock  
I have cheese, chocolate and biscuits

5

At ten o'clock  
I sail to the island




We've got a treasure map.

8



We go across the beach

9



The treasure is under the palm tree



10 We've got the treasure  
There are gold, diamonds,  
Silver coins...

Carolina, Andrea, Jessica e Miguel Angel - 2º Ciclo EP



## DOCES FROITOS

Gústame as peras  
 digocho para que me creas.  
 Gústame as mazás  
 porque as como sen mais.  
 Gústame as cereixas  
 case tanto coma as fresas.  
 Encántame os figos  
 para comelos cos amigos.  
 Hai quen opina  
 que as árbores son plantas  
 pero en serio vos digo  
 que son as mellores amigas.

Carola

## O regalo das árbores

Se coidas bem os bosques  
 unha recompensa recibirás  
 Arbores, flores e plantas  
 e moitos regalos máis  
 Coida os nosos bosques  
 seguro que cho agradecerán.  
 E dentro de pouco  
 un regalo che farán


Andrea

## A ARBORE DA VIDA

Coida árbores todo o ano  
 e terás un premio ao teu traballo  
 Árbores grandes, árbores pequenas  
 todas nacedes na natureza.  
 Limpas o aire da contaminación  
 se vives con elas vivirás mellor.  
 Son o fogar de moitos insectos  
 se te paras a mirar poderás velos.  
 Se non hai árbores, ¡Meu amigo!  
 ¿Onde farán as aves os seus niños?  
 Se queres saber onde vive Efrén  
 Ven ata o bosque que hai en Toén.

2º Ciclo

Plantamos árbores  
 para facer ben  
 temos axuda  
 do amigo Efrén.



As árbores  
 sen queimar  
 danos osixeno  
 para respirar.

Coida o monte  
 non sexas animal  
 non prendas lume  
 que imos moi mal  
 Borja

ARBORES EN PERIGO

# COPIELOS PIRATAS

El pirata que quiera mandar  
Tiene que ser el mas puerco,  
Tuerto, barbudo , panzón  
Y con su barco en el puerto



La pirata que quiera mandar  
Tiene que ser muy forzuda  
Tuerta, barbuda, panzona  
Y que tenga una tortuga



El pirata que quiera mandar  
Tiene que ser el mas viejo  
Tuerto, barbudo, panzón  
Y con un garfio de hierro

La pirata que quiera mandar  
Tiene que se muy valiente  
Tuerta, barbuda, panzona  
Y que le falte algún diente



El pirata que quiera mandar  
Tiene que ser bigotudo,  
Tuerto, barbudo ,panzón  
Y en las piernas muy peludo

La pirata que quiera mandar  
Tiene que ser la mas alta  
Tuerta, barbuda, panzona  
Y con la pata de lata



La pirata que quiera mandar  
Tiene que tener un loro  
Ser tuerta, barbuda, panzona  
Y encontrar un gran tesoro

El pirata que quiera mandar  
Tiene que ser el mas cojo  
Tuerto, barbudo, panzón  
Y con un parche en el ojo

ALUMN@s 2º CICLO

# Coñeces a Efrén ?

No colexio temos unha mascota  
bella, grande e cariñosa  
Efrén se chama e é un esquío  
que lle gusta o calor e non frío.

Este ano acompañounos nun barco  
foi pirata como nós por un anaco  
vestido como nós de vermello e negro  
navegou polo mar mais dun metro.



Efrén acompañounos todo o ano  
e nunca foi enfermo ou apagado  
el está vixiando a entrada  
con todos os nenos de compañía.

O esquío pouca fame ten que ter  
porque no comedor nunca se fai ver  
¿que comerá o animal?  
o resto da comida do Nadal.

Miguel Ángel Melo



Carolina

# Treasure

# Island

1) JIM HAWKINS IS A BOY.  
HE LIVES IN AN INN.



2) A PIRATE COMES TO THE  
INN.

HE'S GOT A CHEST.



3) THERE IS A MAP IN THE  
CHEST.  
IT'S A TREASURE MAP.




4) THEY BUY A SHIP TO GO  
TO TREASURE ISLAND.



5) LONG JOHN SILVER IS THE COOK.

HE HAS 'N'T GOT A LEG HE'S GOT A WOODEN LEG. HE'S GOT A PARROT. HE WANTS THE TREASURE.




6) THEY SAILED TO THE TREASURE ISLAND



7) JIM MEETS BEN GUM. BEN LIVES IN A CAVE. HE LIKES CHEESE.




8) HE HELPS THEM TO FIND THE TREASURE. THE TREASURE IS IN THE CAVE.



9) THERE IS GOLD, JEWELS, SILVER COINS



10) THEY TAKE THE TREASURE TO ENGLAND. THEY SHARE THE TREASURE



## De como Barba Blanca coñeceu a Peter Pan.

Conto Colectivo de 1º Ciclo. Grafía: María Morales. 2º

Viaxaba eu entón ás ordes do capitán Garfio, cando tras baixar a terra, aquel temible pirata apareceu no barco cunha princesa india a que fixera prisioneira.

O malvado capitán atouna nunhas pedras para que, ó subir a marea, se afogase.

Eu que era pirata por necesidade e aínda me quedaba un anaquiño de corazón, compadecíame da bela princesa e tramei un plan para que poidese ser liberada.



Sabía que ó capitán Garfio gostáballe moito a augardente que me mandaba, de cando en vez meu pai e decidín preparar unha gran queimada para emborrachalo a el e ós seus secuaces.

Beberon ata caerse de cu, cando se ergueron ó día seguinte pensaron que a princesa afogara no mar. De noite Peter Pan, a unha sinal miña, rescatara a fermosa princesa e levouna de volta ao campamento.




# A TODA VELA!

**Cuberta:** Chan do barco.

**Estribor:** Dereita do barco.

**Babor:** esquerda do barco.

**Fondear:** Botar a áncora para que non ande o barco.



**Izar velas / arriar velas:**

Subir velas / baixar velas.

**Levar áncoras:** subir a áncora para que o barco se poida mover.

**Mastro:** pau alto dun barco que suxeta as velas.

**Otear:** mirar dende un lugar alto para encontrar algo.

**Pau maior:** o pau maior dun barco, que suxeita a vela maior.


**Proa:** adiante.

**Popa:** atrás.

**Mascarón de proa:** figura que levaban os barcos na parte dianteira


**¡Zafarrancho de limpeza!:**

¡Cada un ao seu posto! ¡A limpar!



# SERES MITOLÓXICOS

A serea, segundo a mitoloxía, é unha criatura mariña que ten a cabeza e o torso de muller, e a cola de peixe. Son consideradas seres famosos e adóitanse representar sobre unha rocha peiteando o seu longo cabelo. Segundo a lenda, as sereas atraen os mariñeiros cos seus cantos ata lograr que os seus barcos naufragen.



Marta Araújo 6º



Andrea Cruz

O monstro do lago Ness, chamado Nessie, que é o nome da criatura lendaria que se dice que habita no lago Ness, un lago de auga doce. (cerca de Invernes, Escocia).

Nessie está considerado monstro, un misterio. Os científicos afirman que non hai probas suficientes da súa existencia. Eles pensan que son rumores para gañar diñeiro a costa diso. Os habitantes afirman que si existe.

Marta Araújo

# Un mago malo maliisimo



A certo mago, malo e ocioso, ocorreu lle converter o azucre en sal. A partir daquela a xente facía acenas moi raras nos cafés. Os nenos berraban e choraban cando as nais lles daban o biberón ou lles regalaban calquera chuchería. As pastelerías estaban a punto de cerrar por falta de clientes.

A cousa chegou a oídos do inspector Tomate que, tras moitas investigacións, descubriu quen fora o culpable e decidiu castigalo cambiándolle a súa varinha máxica por un libro de EDUCACION E BOS MODAIS para que aprendera a portarse ben e a usar asceitadamente os seus poderes máxicos.

Alba Rodríguez. 1º E.P.



# Le comigo...

"Pisco na illa das prantas Carnívoras"

"Os hipopótamos"

Pisco na illa das  
PRANTAS  
CARNÍVORAS  
Martín Casariego  
ANAYA - 100 páxinas



Pisco e Anita son irmáns. Margarita é a súa canguro e contalles un conto: "Malasangre atopa un mapa do tesouro. O capitán e Anita están na súa Lúa de mel. Uns ingleses atacan o barco do Capitán pero eles camúflanse tras unha

vocha pintando as velas. Escapan deles e atopan o tesouro nunha illa: O mellor tesouro é A AMIZADE




Carolina

Eran toupas que estaban en liberdade, pero un señor e a súa señora queríanas atrapar.

As toupas tiveron moitos accidentes e a súa vida estivo en perigo. ¿Que farán para saír deste lio?

Titulo → O bosque animado  
Autor → Wenceslao Fdez. Flores  
Editorial → Everest.


Boja.4º



"O bosque Animado" e "Os negocios do Señor Don Gato"

Titulo → Os hipopótamos

Recomendo este libro porque é moi divertida. Trata da vida dos hipopótamos. Di como son de pequenos e adultos, teñen moitos curmáns. ¡Tes que llelo!



Martin Rodriguez


Titulo → Os negocios do señor Gato

Autor → Gianni Rodari

Editorial → Anaya

Recomendo este libro, porque O Señor don Gato quería facerse rico e abre un supermercado, contrata a unha caixeira, a un repartidor pero os ratos non obedecen ás súas indicacións e don Gato case se arruina.

¡Animate a llelo!




Jessica


# Le para crecer.

El Pirata Gaviapata  
 Juan Muñoz Martín  
 El Barco de Vapor

Me encanto por que es muy original. Lo recomiendo por que os hará echar una sonrisita muy grande.  
 Jenny 5º



## A BORDO DA GAVIOTA



O trasno Verde



Gustoume moito. Recomendado para aqueles persoas que fan maldades para fastidiar os demais. Estefanía 6º

Autor: Manuel Rivas <sup>BALA PERDIDA</sup>

Editorial: Alfabuara.

Resumo: Bala Perdida é o último pirata do Atlántico Norte, un capitán escrupuloso que anda acompañado dun coveiro e dun grupo de bravos mariñeiros. Para resolver unha misteriosa abordaxe na máxica Costa da Morte, Bala Perdida busca a axuda dunha moza xornalista que só da noticias bonitas.



Gustoume moito, é un libro de aventuras.

Brais Abad

# AI O MAR . . .

Os océanos son grandes masas de auga en estado líquido. Regular o clima e a auga que se evapora da súa superficie intervén no funcionamento que regula o ciclo da vida. Do mar extraemos grandes cantidades de alimentos, minerais, o 20% do petróleo e moita sal.

Os océanos, tamén, son os sumidoiros da humanidade. Aínda que pola súa inmensidade nos pareza que é imposible que se contaminen, os mares pechados como o Mediterráneo, o mar do Norte e o Caribe son mares máis sensibles porque as súas augas tardan máis en renovarse.

## CONTAMINACION DO MAR

Cada ano vértense no mar de 3 a 4 T.m. de hidrocarburos que proceden dos ríos, dos petroleiros, dos verquidos das cidades e das industrias.

Mais das tres cuartas partes das materias contaminantes dos océanos proceden das actividades que a humanidade fai na terra.


Do mar, tamén procede un 50% do osixeno que respiramos.

### RESIDUOS

### RADIOACTIVOS

Un grande número de países agachan os seus verquidos radioactivos en zonas profundas do océano.


A unhas 338 millas de Estaca de Bares, entre os anos 1967 e 1982, calcúlase que se verteron no mar unhas 95.700 T.m. de residuos nos que interveñen Holanda, Gran Bretaña, Bélxica, Suíza, Alemaña, Italia e Francia. Debido a que os colectivos ecoloxistas se mobilizaron, houbo unha parada destes residuos no mar.



Texto: Estefanía e Jennifer. 3º Ciclo  
Debuxo: Marta Araújo

# O holandés errante

## SOPRAN VENT OS SULFUROSOS




# BAI , BAI OST EDA I





# ANTÓN:O NITRAMÓN!

¡OLA! EU SON "N" O NITRÓXENO II BRUMN!!





EU SON "P" O FÓSFORO...! SON BO PRÁ TUA CACHOLI-NA.



POIS EU SON "K" O POTASIO... NON O "ANASTASIO"! O POTASIO.



OS TRES FORMAMOS A CUA-DRELLA "NPK-15-15-15-C"... NON HAI QUEM NOS TUSA!



Marta Araújo, Andra Cruz e Estefanía Teixeira. 6º curso

Os fertilizantes son substancias que aumentan a fertilidade das terras. Os NPK (N- Nitróxeno, P- Fósforo, K- Potasio) son nutrientes necesarios para o desenvolvemento dos vexetais.


# ¿APOSTAMOS?

- Marta Araújo e Andrés 6º -

Nesta ocasión non imos xogar ao tute, nin a brisca, nin a escoba....Tampouco imos apostar a ver quen primeiro para de falar, quen deixa de brincar nas escaleiras....ou se mañá chove ou vai sol....¡Imos facer unha aposta, entre nós mesmos, a ver se somos capaces de rebaixar o **CO2**!

¿E que é isto do **CO2**? ¿É un novo coche?. Pois non, aínda que os coches teñen bastante que ver neste asunto.

O **CO2** (dióxido de carbono) é un gas que está na atmosfera e que produce moito dano ao medio ambiente se se concentra en grandes cantidades....



¿Sóavos iso de " efecto invernadoiro"? ¡Que palabriñas!

¿Qué pasa cando pomos unha pota cun líquido a ferver e está tapada?...Pois o efecto que produce o **CO2** na atmosfera é semellante e iso fai que a temperatura da terra aumente...¡coma nun invernadoiro!. Pero se aumenta...¡que ben!. Pois non, se aumenta algúns graos centígrados, prodúcese unha serie de consecuencias: derrótese o xeo dos polos, aumenta o nivel da auga dos mares, morren especies animais e vexetais...¡E por suposto, a nós tamén nos afecta!



Nós, alumn@s de 3º ciclo de primaria, un ano mais, imos apostar a que somos capaces de rebaixar unha miguiña ese **CO2**.

¿Cómo o imos conseguir?.

Primeiro temos que saber que o consumo de calefacción, gas e electricidade, automóbiles, motos...incendios, producen **CO2**. Agora xa podemos actuar

Nós imos apostar a que somos capaces de reducir o **8%** do consumo de gas-oil e electricidade que se produce no noso colexio.

## PRODUCTOS DO COMERCIO XUSTO

Hai uns días veu facernos unha visita Fernando, un membro de Amigos da Terra, para falarnos sobre os produtos que consumimos.

Despois dunha introducción, na que nos explicou en que consistía iso de **comercio xusto, produtos elaborados, materias primas, produtos transxénicos...**, distribuímonos en 3 grupos para examinar aspectos como, dependendo da distancia orixinaria do produto, o tipo de envasado, a a propaganda, ían encarecer ou abaratar o prezo final..



## AS OUTRAS ENERXÍAS

O día 11 de abril, Cristina de Amigos da Terra, veunos facer unha visita para falarnos doutros tipos de enerxías que non eran as convencionais ou non renovables.

Trouxo dos paneis nos que estaban representados, tanto as enerxías non renovables: o petróleo, o gas, o carbón, a enerxía nuclear... e por outro lado as enerxías renovables: a solar, a eólica, a mareomotriz, a da biomasa...

Distribuimos a clase en 4 grupos; cada grupo tiña un número determinado de etiquetas con algunha característica dun tipo de enerxía determinada e nós tiñamos que clasificalas e logo



colocalas nos paneis no sitio que lle correspondera...Había algunha complicada...Foi unha experiencia interesante.

# ... bailamos?




Rock de Elvis: Baile de orixe norteamericano con ritmo arrollador, bailase lixeiramente inclinado hacia a parella. Non "pegado" senon coa parella collida a unha soa man. É un baile alegre, rápido e deportivo cun paso básico saltado con patadas cambio de patada así como os pasos acrobáticos do baile.

A Tarantella napolitana: Danza italiana, fórmanse grupos de 4 ou mais parellas cunha pandeireta na man dereita. Saltar alternando os pés no sitio, Achegarse (os dous membros da parella), catro pasos e no último golpear coa palma da man na pandeireta do compañeiro e voltar cara atrás. As nenas das esquinas crúzanse e voltan de costas ao seu lugar, repiten os nenos.



A Danza Chinesa do Crebanoces de Tchaikovsky: O grupo forma un círculo agarrando coas mans os antebrazos e camiñar a pasiños curtos. Parar mirar hacia o centro e dobrar a cintura cara a dereita e a esquerda. Camiñar e xirar no sitio cos brazos doblados, cóbados abaixo e cos dedos índices cara arriba.

# ¡QUE CORRA O CARRETE !



Lorena, Rafa, Iago e Jessi movendo o esqueleto moi acompasados. Que colorido!



Escola de música de Toén. Interpretaron cancións de Amaral e panxoliñas que foron coreadas por todo o público.



Participación das nais na obra teatral de Espantallo Amigo. Isabel, Helena, M<sup>a</sup> Eugenia, M<sup>a</sup> José. Bordaron o papel!



IV MERCADIÑO DO LIBRO. Todos mostran interese no intercambio de libros. Estela satisfeita cos seus libros.



Muíños. Campo a través. A nosa campiona Sheila Rodríguez Payo, corredora infatigable. Noraboa!



Foto de familia. Aquí nos vedes nunha das entradas á catedral de Ourense, camiño do Teatro Principal. Que medo A Bruxa de Babaiajá ....

# XOGOS NA MEMORIA, XOGOS DE SEMPRE

## A SOGATIRA

### DESCRICIÓN:

Coñecida tamén como a turra sogá é normalmente xogo de homes coa finalidade de turrar mais có equipo contrario. Hai dous equipos en cada extremo da corda. Gaña o equipo que turre mais.

### COMO SE XOGA:

Trázanse tres liñas no chan unha central e as outras dúas na mesma distancia. Márcase cun pano e sitúanse os equipos a ambos lados da corda.

Gaña o que turre mais forte para que pase o pano da liña.

### MATERIAIS

Son necesarios un pano e dúas cordas. A este xogo pódese xogar no patio.

-Gabriel, 6º-



## O CAZADOR

### DESCRICIÓN:

Este é un xogo de equipo. Hai un cazador e un cadelo. O cazador pode correr coa pelota e tirarlle aos coellos/as. O can ou a cadela, só poden tirar, pero non poden desprazarse coa pelota na man. Tanto estes como o/a cazador/a teñen que distribuírse estratexicamente polo campo coa idea de cazar a máis coellos.

### COMO SE XOGA:

Comézase elixindo unha ou un cazador/a e os demais fan de coellos. Cando o cazador/a tira a un Coello e este é tocado, pasa a ser can ou cadela e axúdalle ao cazador ou cazadora....

### MATERIAS:

Unha bola de papel de xornal que se fai con follas de xornais vellos e cinta de embalar. Xógase nun patio amplo e limitado.

-David-

# Facemos Karate

## ENTREVISTA A MARCOS CASADO GIL, O NOSO PROFESOR



Canto tempo levas impartindo clases aos nenos?

Fai 4 anos que empecei a darlles clases.

Custa moito chegar a cinturón negro? Bastante, sobre todo parar do cinturón marrón ao negro. Eu empecei a facer karate con 5 anos e acadai o cinturón marrón aos 17.

Que tal van os nenos? Ves cualidades? A verdade é que estou sorprendido, porque levan pouco tempo e so con 1

hora de clases á semana teñen un nivel impresionante, demostrárono no campionato.

Que é máis facil, ensinar aos nenos ou aos adultos?

Enseñar aos nenos, ademais de ser máis agradecido.

Os nosos karatecas levan somentes poucos meses recibindo clases e xa acadaron un trofeo no 1º campionato ao que foron.



Gústame moito a actividade de karate. Gustaríame seguir e poder chegar a cinturón negro, pero depende

dos estudos. Non imaxinaba que o karate fora así. Andrés, 12 anos.



Gústame moito o karate. Gustaríame seguir pero paréceme moi difícil.

Pensaba que era como nas películas. David, 7 anos.



O que máis me gusta son as medallas que nos

da o profe. Fermín, 5 anos.




Daréceme fenomenal é outra forma de facer deporte que non sexa o fútbol. Gustaríame moito seguir e chegar

a ser cinturón negro. Marta Araújo, 11 anos.



Gústame moito, é moi divertido. Gustaríame aprender moito para saber


Defenderme. Alex Lorenzo, 9 anos.



Gústame moito porque imos a campeonatos e podemos gañar medallas.

Gustaríame chegar ao último cinturón. Carolina, 9 anos.

# 2º Bsto



Don Pepe pensaba, imaxinaba, desexaba ... gañar.



O colexio de "Toén" superouse:  
Todos os partidos gañando.  
Chegamos á final e perdemos por moito a cero  
Estamos igual moi contentos, porque quedamos de  
segunda e gañamos unha copa.



Capitán

Carolina Alvarez  
Alvarez



dorsal ↗

Copa

Benxamin  
Sub campeón  
Prata



**Xogadores**  
Miguelito,  
Miguel A. Melo,  
Carolina, Raúl,  
Martín, Alex,  
Jessica,  
Quique, Borja e  
Sheila



2007/01/19 20:42:13

# FUTBOL ALEVIN

Aitor Martínez .

*Este ano, coma todos os anos, fixemos o campionato de fútbol.*

*Os maiores fixeron o “ticky tacka sardiñas” no primeiro partido. Faciamos bos pases, regateabamos ben, tirabamos moito a portería... pero os balóns non entraban . Entón, o que mellor estaba xogando e tirando a portería, marcou un gol . O comentarista do Pro Evolution Soccer dixó: - ¡Ha sido gol, ha sido gol, ha sido un goooooool fantástico! .*

*Volviendo o partido: Estabamos dominando, pero chegamos a primeira parte TOÉN- 3 Gome sende- 0. O comentarista da Sexta estaba flipando como xogaba o equipo de Toén, con eses dianteiros tan bos e con esa defensa que facía “ticky tacka” .*

*Cando empezou o segundo tempo ,Aitor, o dianteiro, regateou a todos , ata o porteiro e deixou a Carolina que se agachara e marcáse un gol coa cabeza e o do Pro Evolution Soccer quedouse mudo.... ¡ ata caeu da silla do golazo que meteu Carola! Aitor tirou dende o medio do campo e o comentarista berrou: ¡Gooooool! ... pues no, ha sido palo . Ó final do partido quedamos Toén-8 Gome sende-2 , e como bos participantes, démoslle a man aos perdedores.*

*No seguinte partido foi moito peor. Non xogaban Cipri, Roman nin Aitor e entón os de Lobios fixeron o “ticky tacka sardiñas” e perdemos 6-3. Toén xa non podía ir a Final four, bueno, a final para os que non entendan.*



*Os seguintes partidos tiveron pouca emoción e xa xogabamos sen ganas pero Aitor, Cipri e o resto do equipo seguían marcando goles.*

*Os de terceiro e cuarto chegaron a final da Champions. Xogaban contra a Valenzá pero xa ían cagados no autobús. ¡Normal que lle meterán esa paliza! Perderon 10-1, e o mellor do partido, coma sempre , foi Raul de primeiro ciclo.*

# DISPARATARIO

(con humor)

A capacidade para respostar disparates cando certos alumnos se efreentan ao impenetrable muro da ciencia non ten límites. Para que te cures en saúde e vexas ata onde pode chegar a ignorancia humana, brindamosche algúns exemplos deste interminable catálogo de sandeces /necedades.

## XEOGRAFÍA E HISTORIA

-¿Cómo se produce a choiva?

“A choiva prodúcese cando canta algunha xente que non canta aló moi ben .”

-A emigración en Galicia:

“ A emigración en Galicia foi en varias oleadas de xente que marchaba cara América cunha simple maleta en busca saúde, diñeiro e amor.”

- Diferencias entre o Paleolítico e o Neolítico:

“No paleolítico o home andaba a catro máns, coma os monos .Despois no Neolito, andaba a dúas patas e practicaba deportes coma a pesca e o tiro ó prato.”

## MATEMÁTICAS

- Número primo:

“Es el número de la casa de mis primos, que en mi caso es el 22.”

## LENGUA

-Macho de la abeja:

“Vago”

-Escribe en pasiva : “La bicicleta atropelló a Juan”

“La bicicleta fue atropellada por Juan, que no sabía andar en ella”.

## RELIXION

-¿Quen foron os nosos primeiros pais?

“Los míos fueron Angel y Gumersinda”

-Escribe el Credo:

“... ESTRIBILLO

Creo en Jesucristo, que fue hijo único, de una virgen y un carpintero, y fue crucificado, muerto y sepultado, por tu culpa, por tu culpa, por tu grandísima culpa....”

## CIENCIAS

- ¿Qué é un ano-luz?

“A luz que se gasta nunha casa nun ano. Cóbrana os de Femosa, aínda que se pode pagar no banco.”

- ¿Cómo se chama un animal que é macho e femia a vez?

“ Marimacho”

- A fecundación:

“ O espermatozoo sube pola vajilla, entra no ovo e vai ata a barriga. Ao cabo de nove meses sae fóra por atrás.”

- Os reptís:

Os reptís respiran polo mesmo sitio que fan de ventre

- Os peixes

“Respiran polos bronquios, coma o meu avó que tamén toma xarabes para limpar os bronquios”


- Cuarto creciente y cuarto menguante:

“ El cuarto mangante es mi hermano. El cuarto creciente no lo sé.

NOTA -. Evitamos reproducir algunhas faltas de ortografía para non afondar mais no, xa de seu amplo, catálogo de disparates


# Adiviñas

1º Ciclo



É amigo de fantasmas  
de bruxas e dráculas  
Martín A.A.

Máquina que nos limpa  
a avaricia e o sangue  
Alba




Cando a terra se rompe  
a terra empeza a vomitar  
Raúl

Home en calzóns  
María De Melo  
Fadas dos hospitais  
Miguel Cruz



María A.

Nicole



María M.

Estación do ano  
na que aparecen os  
sabañóns e os catarros  
Nicole

Fábrica de leite ambulante  
María A.



Martín A.

# Ditos de onte, de hoxe... de sempre


Que ninguén se incomode, pero case seguro que todos nos podemos recoñecer (como autores ou receptores) nalgún destes ditos (cando non en moitos deles)...E o que non se recoñeza que agarde, que a vida é larga e antes ou despois ha de botar man dalgún.

## MAGISTER dixít:

- iEsto é unha clase, non o circo!.
- iA ver se se caía ese!
- Algún vai quedar sen recreo.
- iÁ esquina!
- Baixa das nubes.
- iOutro sen os deberes!
- iEsto é un colexio, non un restaurante!.
- iÓnde estabas ti cando expliquei isto?
- iÓnde metiches o lapis?
- Se segue así, vai ter que repetir.
- Nesta clase hai algún que ten memoria de peixe.
- iÓnde deixaron as ferraduras ? (frase dun escritor célebre)

## AS SUFRIDAS NAIS: (Toda paciencia é pouca)

- iQueres que che quente o cu?
- iQueres levar outra?
- iVai para a habitación e fai os deberes!.
- iLimpa eses mocos!.
- Vas levar/cobrar/recibir... ( a lista é interminable, o que demostra a riqueza do noso idioma)
- iHaste de portar ben?
- iCome ben doces!, a ver se quedas sen dentes.
- Vas levar un pescozón/ azoute/, cachete.... (tamén aquí o vocabulario é rico en sinónimos)
- iQueres ser un burricán toda a vida?
- iNon comas sobre o libro!
- iQueres que che poña a cara coma un tomate?
- iPensas que son a túa criada?
- Tócao, e douche outra.
- iNon comas os mocos!.
- Levántate, que aínda has perder o autobús.
- iTi cres que non teño máis que facer, ou que?



## OS ALUMNOS :


- (É case o primeiro que aprenden)
- Profeeee, esto non me gusta.
- Eu non fun, profe.
- iEmpezou el!.
- Profe, Manoliño non trouxo os deberes...
- Profeee, Paco dixo unha palabrota...
- Profe ¿qué hai que facer aquí?
- Olvideino na casa.
- Profe, non teño goma (lapis, boli, ...)
- Profe, ¿bebo é con b ou con v?
- Profe, ¿ira leva acento?
- Profe ¿que significa loco motora?
- Profe, ¿qué quere dicir "etc"...?
- (...mellor non seguir, a lista é interminable)

## Tamén OS AVOS se repiten :

- Deixa ó rapaz, que aínda o vas mancar.
- Déixao, pobriño, ...¿qué culpa ten el?
- Ven aquí neniño, que a túa nai non sabe o que fai.
- Deixa ao rapaz...que lle van medrar as orellas.
- Se non come agora, xa comerá cando teña fame.
- iAi, esta netiña miña que guapiña me é!
- Ven, que teño algo para darche.
- Para sufrir halle chegar o tempo.
- iPortácheste ben na escola?
- Deixade ó rapaz, que o mareades.iPobriño!
- iAi!iVen aquí meu netiño, ven a darlle un biquiño o avó!
- iA ver se sabes o que teño aquí! (senalando o peto)
- iCáeseme a baba con este netiño, que me é tan xeitosiño e ben mandado!.
- iÉ imposible que o meu neto dixera/ fixera eso!

# EXPOSICIÓN PICTÓRICA


# AÑO 4007



“SOIÐADE”


O autor, home agobiado, intenta plasmar neste lenzo os seus agobiantes problemas.

Sinxeleza e intuición son as características deste artista.



“SOIÐADE COMPARTIDA”


Ver comentarios da obra anterior. Engadir unicamente que este cadro foi censurado polo actual papa Calisto MDLIV por consideralo unha incitación (“unha apoloxía” segundo palabras do pontífice) ó matrimonio entre persoas do mesmo sexo.



“PRECAUCIÓN”


Unha das características das novas vangardas é a ruptura coas normas establecidas. Así, o que a primeira vista parece froito de unha man inexperta, é en realidade unha sinal de rebeldía contra as normas sociais impostas especialmente as de tráfico, magnificamente reflexadas aquí por un semáforo en ámbar), coas que o autor pretende plasmar as súas ansias de liberdade.

Característica fundamental deste autor é a súa orixinal composición de luces e sombras, e o uso case luxurioso da cor.



“TORMENTA”


Reproducimos aquí un detalle dun dos moitos cadros deste, atormentado autor, que trata de levar ós seus lenzos os elementos máis íntimos de súa complexa personalidade. Véxase o simbolismo co que autor nos desvela, a esencia máis íntima do ser humano. Transportándonos a un caudal de sensacións e emocións que a miúdo descoñecemos ou simplemente encerramos dentro dos convencionalismos e a banalidade que caracteriza a sociedade actual.



“FUME”

A autora, fumadora pasiva (como tamén o foi a súa nai e a súa avoa, que por certo viviu 100 anos), amosa aquí a súa preocupación pola saúde da actual sociedade, así como polas consecuencias do fumo do tabaco no cambio climático e na desaparición das baleas no Ártico.

Característico desta autora é o seu esquematismo, non en vano é unha das pintoras máis rápidas da actualidade, capaz de rematar un cadro en menos dun minuto.



“GRAN NEVADA”

Pintora realista que gusta de usar a cor branca, así como tamén o negro noutras ocasións.

Destacar como con que poucos recursos técnicos logra a autora plasmar, neste cadro de motivo histórico, a gran nevada do 2007.

**ARTISTAS seleccionados : Alumnos da aula de 3/4 anos, ceip. Toén.**

COMENTARIOS: Roberto Da Pena, crítico de arte da revista Cataventos.



